

fiot

CARBALLO

**XXIV EDICIÓN
DO FESTIVAL
INTERNACIONAL
OUTONO
DE TEATRO
2015**



**DO 25 DE SETEMBRO
AO 31 DE OUTUBRO**

fiot.org



fiot

2015

CARBALLO

A Virxe María ou unha nai que sofre, a Celestina, “raíña de amores e enganos”, un presidente desesperado, catro nómades en busca de espazo, a mamá galiña, Paula, –que non quere ser astronauta–, un apicultor e unha física cuántica perdidos en universos infinitos, un Edipo que foxe, unha muller invisible, un home pomba, un rapaz normal e razoable, un mestre de vida..., que nadan xuntos na noite, tres viaxeiros de tren, unha Juanita Calamidad –anti-Yerma contemporánea–, tres secuestrados, ou catro?, Mirlo e Rula, un Otelo que xa sabíamos estúpido..., todos acoden á nosa convocatoria outonal para falarnos con lucidez ao oído e cun punto de humor ou amargor e compartir con nós a súa vida –ou as súas vidas–, tendéndonos fráxiles pontes que nos convidan a cruzar.



Sitúanse en primeiro plano, interpélanos como espectadores/as, rompen a cuarta parede e, case como unha confesión, desvélanos o que non se dixo, o que aínda teñen por dicir, e conéctannos tamén co noso mundo e coas preocupacións sociais máis actuais. Quen non ten curiosidade por saber o que nos queren contar?

A XXIV edición do FIOT pon o foco teatral sobre personaxes que reclaman o protagonismo da súa voz, da súa propia versión sobre a súa vida. Más aló da historia máis visible ou oficial, defenden a súa mirada persoal e íntima e convértennos en testemuñas e cómplices da “súa” **versión orixinal.**



”

A XXIV edición do FIOT pon o foco teatral sobre personaxes que reclaman o protagonismo da súa voz, da súa propia versión sobre a súa vida

“

03

Nesa versión íntima contaxiarannos a súa humanidade: os medos, a alegría, os sonhos, os fracasos, a dor, o amor..., a emoción. A arte, como dicía Bernard Shaw, axudaranos a ver a alma.

Esta paisaxe humana que poboará Carballo durante un mes chega da man de creadores/as moi diversos/as, que recrean unha ampla e equilibrada gama de xéneros, estilos e linguaxes, evidenciando a riqueza da escena teatral.

Esta diversidade é o fío co que tecemos a complicitade cos espectadores e espectadoras do festival.

Ampliar e fortalecer os lazos que unen o Outono de Teatro co público é sempre o propósito último co que traballamos de novembro a outubro. Porque en vós está o alento do FIOT, a súa forza e o seu futuro.

A xenerosidade de quen acudides á nosa chamada, público e entidades e administracións que cada ano acrecentades a confianza no Festival Internacional Outono de Teatro, estimúlanos a ansiar ofrecer sempre algo máis. A XXIV edición propón 34 espectáculos para 37 días, 4 estreas absolutas, 1 delas dunha compañía de fóra de Galicia, 10 estreas de espectáculos en Galicia, compañías de 7 comunidades autónomas e 2 países, compañías consolidadas e emerxentes, referentes como Blanca Portillo ou Charo López, Premios Nacionais de Teatro,



Ampliar e fortalecer os lazos que unen o Outono de Teatro co público é sempre o propósito último co que traballamos de novembro a outubro



Premios Max e María Casares, grandes directores e directoras, creacións colectivas, ventás para novas tendencias, algunha novidade como a apertura do festival na rúa, proxectos que se amplían como a Rúa dos Contos coas Sesións Dobres no Mercado, ou o Fiotiño, as actividades formativas e de intermediación para espectadores/as activos/as e o rico programa expansivo do FIOT... E sobre todo, calidade.

Ocupemos o noso sitio no patio de butacas dispostos/as a desempeñar o noso papel, ofrezámoslle a nosa comprensión e emoción aos personaxes e ás obras. Deámoslles a nosa réplica. A maxia do teatro non existe se non estamos todas e todos.



Ocupemos o noso sitio no patio de butacas dispostos/as a desempeñar o noso papel, ofrezámoslle a nosa comprensión e emoción aos personaxes e ás obras. Deámoslles a nosa réplica. A maxia do teatro non existe se non estamos todas e todos



inauguración FIOT 2015

25 ven

21.00 h

Vaivén Circo
(Andalucía)

DESHÁBITAT

DURACIÓN: 1H
ENTRADA LIBRE
PRAZA DO CONCELLO
(EN CASO DE PREVISIÓN DE MAL TEMPO,
TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO)

Intérpretes: Miguel Moreno "Bolo",
Raquel Pretel, Chema Martín e Emilio
López
Deseños escenografía e vestiario:
Vaivén circo
Música orixinal: Iván Monje
Coreografía: Raquel Pretel e Natalia
Ferrándiz
Idea orixinal e autor: Vaivén Circo e
Antonio J. Gómez
Dirección: Rosa Díaz

6 **C**atro persoas que buscan un
lugar onde sentirse na casa.

Un lugar que non esperan. Un lugar no
que deixou de haber vida, que non
sabe deles, pero onde queren estar.
Ese sitio que os fai sentir ben e os
acolle, e eses compañeiros
descoñecidos, uns personaxes que
queren tranquilidade e cooperan para
consegui-la. Pero, como normalmente
ocorre nas relacións humanas, xorden
pequenas rifas que se teñen que
superar con humor, con poesía, con
risco, con circo, nun ambiente que nos
transportará a un mundo cheo de
matices.

Abrimos a XXIV edición do FIOT desde
a rúa, cunha historia contada desde o
movemento, sobre a necesidade de
atopar o propio espazo vital. Xesto,

”

*Todos necesitamos
facer habitable
algún lugar*

”

coreografías circenses, acrobacias,
danza, unha escenografía viva e moito
circo.

Con catro traballos na súa traxectoria,
esta compañía andaluza formada por
un equipo multidisciplinar fíxose un
oco no panorama nacional e
internacional coa súa presenza nos
festivais máis relevantes. Esta obra
está dirixida por Rosa Díaz, Premio
Nacional para la Juventud 2011.



20.00 h

FÉLIX ALBO
(VALENCIA)**EL PUEBLO DE LOS
MELLADOS**

Catro asasinatos perturban a vida rutineira de todo un pobo. O Garda Civil autóctono leva a cabo unha investigación sen par que aínda altera máis a vida dos paisanos. Sospeitosos? Hainos. E un santo, un forasteiro, e unha moza de Murcia, e un sen fin de personaxes máis. Tamén un panadeiro, un campaneiro, un peixeiro e un enterrador, pero estes son os mortos.

Unha historia delirante, de humor e intriga.

Unha delicia de espectáculo da man dun mestre da narración con estilo propio, que leva vinte anos percorrendo os escenarios de Europa, África e América e conquistando ao público a golpe de risas.

SESIÓN DOBRE RC

5 € = 2 ESPECTÁCULOS!

21.30 h

MOFA E BEFA
(GALICIA)**A GALIÑA**

Polá gala benéfica máis pequena do mundo, a Galiña, pasarán todos os artistas que non queren noutras galas: os 33 Reiseñores da Porqueira, Mostar & Belfast os comisarios da Unión Europea cantantes e malabaristas, escenas prohibidas da Historia Sagrada ou Mago Changüi e a súa galiña vidente das Antillas.

Mofa & Befá (Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, coa dirección de Quico Cadaval) lanzan o seu espectáculo máis portátil da súa historia, deixando atrás, superadas, as súas experiencias coa alta cultura e regresan ao estilo máis acedo mesturando o cómic, o pallaso e o panfleto.

10 SÁB


MERCADO MUNICIPAL
(ANDAR 2º)

21.00 h

ESTREA
EN
GALICIA

**JUANCÁLLATE
de PEZ EN RAYA
(ANDALUCÍA)**

MR. KEBAB



Mr. Kebab chega sen ningunha estrela Michelin para deleitarnos cunha velada de humor e maxia absurda. Un monólogo irreverente, tolo e marabillosamente disparatado, absurdo e surrealista.

O mestre de cerimonia desta tolema, Joan Estrader, en compañía de Cristina Medina, fundou a

Compañía Pez en Raya en 1997, que xira cos seus espectáculos por medio mundo, converténdose en todo un referente do humor absurdo.

Gato por lebre a base de gargallada limpa.

5 € = 2 ESPECTÁCULOS!

S²
SESIÓN
DOBRE RC

22.15 h

**BONECA LARETA
XABIER DEIVE E
LUÍS IGLESIA
(GALICIA)**

FILOSOLFANDO



Xabier Deive e Luís Iglesias, dous actores televisivos de gran popularidade e tamén músicos, soben por primeira vez ao escenario da Rúa dos Contos para reflexionar sobre unha cuestión sinxela, mundana e simple: A existencia!

Escrita e dirixida por Diego Rey, esta é unha comedia a doce cordas sobre


o lado escuro da vida, no que o espectador poñerá en cuestión o *Pensa, logo existe*. Pero de verdade facemos unha cousa antes cá outra?

10

11

ps

**PROGRAMACIÓN
DE SALA**



12



13



ESTREA
EN GALICIA

Chirigóticas (Andalucía)

JUANITA CALAMIDAD (TODO EL MUNDO TIENE UN PASADO)

ENTRADA: 7 € / DURACIÓN: 1 H 30 MIN

Juanita escoita unha voz que lle aconsella un pouco de sensatez. Xa vai tendo uns anións. Pero esa mesma noite pecha todos os bares, é arrestada por escándalo público, e remata no calabozo, onde a súa sorte cambiará para sempre. Será a hora de cambiar para Juanita Calamidad?

Esta "anti-Yerma" remisa á maternidade e a calquera compromiso, nin casta nin abnegada, chega ao FIOT só unha semana despois da súa estrea. Esta é a persoal versión sobre o instinto de ser nai dunha muller que pon en cuestión a noción de xénero, co particular estilo e a linguaxe sarcástica, musical e humorística que lle imprime Chirigóticas. Esta compañía andaluza crea unha forma teatral a partir da

tradición satírica do carnaval gaditano, con grandes doses de crítica social, mordacidade e espírito popular.



*No soy una mujer de
costumbres fáciles
(Calamity Jane)*



Intérpretes: Alejandra López, Ana López Segovia e Teresa Quintero
Espazo escénico: Curt Allen Wilmer
Música e espazo sonoro: Mariano Marín
Letras: Ana López Segovia
Iluminación: Miguel Ángel Camacho
Coreografía: Paloma Díaz
Dirección e dramaturxia: Antonio Álamo



Compañía do
Chapitô
(Lisboa-Portugal)

ÉDIPO

ENTRADA: 7 € / DURACIÓN: 1 H 15 MIN

16 **O** Edipo de Sófocles é un heroe trágico, é complexo, é cólera, é fatalidade, é logos, pathos, hybris, eros, thanatos, e unha outra gran cantidade de "is", "eisis" e "thos". O Édipo da Compañía do Chapitô é desafortunado, é torpe, é asediado, é vilipendiado, é sucio, é un eivado e outra gran cantidade de "puns", "aus!", "trunges" e "Fsssts". Cal é a "versión orixinal"?

Reinventado e sen complexos. A cómica fuxida de Edipo do seu terrible destino. A gatas, de pé, con bastón, arrastrándose, no colo ou a cabaliño, Edipo non poderá escapar...

Desde a imaxinación, a xesticulidade e o humor que caracteriza os seus traballos, esta compañía portuguesa -que visita o FIOT por terceira ocasión-, dálle nova vida



a un sen fin de personaxes do mito grego para contar esta terrible historia pagada de desgrazas, confusións e infortunios.



É Édipo o marido da súa propia nai ou o fillo da súa muller? E os seu fillos..., serían eles tamén os seu irmáns, fillos da súa muller ou sería a súa muller avoa dos seus propios fillos? E, aínda máis, sería Creonte o seu tío? Ou tal vez o seu cuñado?



Intérpretes: Jorge Cruz, Nádia Santos e Tiago Viegas

Deseño luces: Samuel Rodrigues
Creación colectiva

Dirección artística: José Carlos Garcia
Dirección: John Mowat

16 ven

21.00 h

ESTREA
EN GALICIA

DRAFT.INN (Madrid)

LOS NADADORES NOCTURNOS

ENTRADA: 7 € / DURACIÓN: 1 H 30 MIN
NON RECOMENDADA A MENORES DE 16 ANOS

18 **O** rapaz normal e razoable, a muller invisible, o home pomba, a moza que quere ser nai, un rapaz que cre habitar un corpo equivocado... historias cruzadas e seres á deriva que se senten vítimas do amor e que explotan ante a nosa mirada cómplice.

Brazada a brazada, fannos testemuñas íntimas das súas carencias afectivas. A soidade é a auga onde nadan estes personaxes adictos á natación nocturna. Los *nadadores nocturnos* compoñen a paisaxe humana dun mundo enfermo e fragmentado que non deixa marxe para a inocencia.

Este soberbio e arriscado espectáculo integra nunha linguaxe propia teatro, danza e música, e está considerado unha das mellores montaxes do ano, gañadora do Max 2014 ao mellor Espectáculo Revelación, ademais de ser semifinalista

en categorías como a autoría e a dirección. Nace do encontro do autor José Manuel Mora coa directora Carlota Ferrer no marco de Draft.Inn, espazo para o intercambio de proxectos artísticos.

”

*Quando oscurece
siempre se necesita
a alguien*

“



Intérpretes: Joaquín Hinojosa, Óscar de la Fuente, Cristina Subirats, Jorge Machín, Ricardo Santana, Paloma Díaz e Esther Ortega

Deseño audiovisual e son: Eduardo López

Deseño de iluminación: José Espigares

Vestuario: Ana López Cobos

Autor: José M. Mora

Dirección, coreografía e posta en escena: Carlota Ferrer

19

17 sáb

21.00 h

ESTREA
EN GALICIA

**Coproducción Centro
Dramático Nacional,
Festival Grec e
Avance P.T.
(Madrid)**

EL TESTAMENTO DE MARÍA

ENTRADA: 15 € / DURACIÓN: 1 H 05 MIN

20 **D**etrás desa icona que é a Virxe hai un ser humano, María de Nazaret. Unha sinxela muller cun único fillo, arrebatado por unha decisión divina e por un odio humano que lle infrinxe a maior das dores.

A actriz Blanca Portillo (Premio Nacional de Teatro 2012) protagoniza unha audaz revisión da figura de María, e recupera a cara máis humana da nai de Xesús, unha muller na vellez que revive os fantasmas do pasado, e que nos conta a súa verdade, descubríndonos quen é, non o que a memoria histórica quixo facer dela.

O cineasta Agustí Villalonga debuta na dirección teatral con este poderoso texto do escritor Colm Tóibín, coa imponente escenografía do artista Frederic Amat e unha exquisita produción, e ofrécenos



Fotografía: Josep Aznar

unha das propostas máis potentes da tempada, na que Blanca Portillo se entrega nunha emocionante e extraordinaria interpretación, que foi merecedora do recoñecemento á mellor actriz nos Premios Max.



***Del mismo modo que no
puedo respirar por otra
persona, hacer que lata
su corazón***

***(...) no puedo decir más
de lo que puedo decir***



Intérprete: Blanca Portillo
Escenografía: Frederic Amat
Atrezzo: Jordi Vera
Vestuario: Mercè Paloma
Son: Lucas Ariel
Composición musical: Lisa Gerrard
Diseño de iluminación: Josep Maria Civil
Tradución: Enrique Juncosa
Autor: Colm Tóibín
Dirección e adaptación: Agustí Villalonga

18 dom

21.00 h

Kendosan Producciones

(Madrid)

CONSTELACIONES

ENTRADA: 7 € / DURACIÓN: 1 H 15 MIN

Intérprete: Fran Calvo e Inma Cuevas
Movemento escénico e coreografía:
Antonio Gil
Espazo escénico, sonoro e iluminación:
The Blue Stage Family
Vestuario: Aubele
Autor: Nick Payne
Dirección: Fernando Soto

22

maxinemos lanzar un dado seis mil veces...

Ela é física cuántica, el apicultor. Dous universos opostos que se atopan. As posibilidades entre eles serán ilimitadas. Unha emocionante e intelixente historia de amor (ou varias), con humor e drama, que nos atrapa nos infinitos mundos posibles.

Dirixida con mestría por Fernando Soto e interpretada por dous excelentes actores (Inma Cuevas foi recoñecida co Premio á mellor actriz protagonista 2015 pola Unión de Actores), a premiada e orixinal peza do británico Nick Payne explora o libre albedrío, a amizade, a teoría do universo cuántico, e o amor e o mel uniranse para vivir universos paralelos e descubrir o segredo da inmortalidade.

”

Vivimos no mundo cando amamos. Só unha vida vivida para os demais merece a pena de ser vivida. A diferenza entre o pasado, o presente e o futuro é só unha ilusión persistente.
Albert Einstein

“



23

23 ven

21.00 h

Teatro do Morcego (Galicia)

PRESIDENTE

ENTRADA: 7 € / DURACIÓN: 1 H 30 MIN

24 **O** Presidente visitará persoalmente os votantes nas súas casas para convencelos de que a súa opción é a mellor. Unha familia humilde, outra ultraconservadora ou unha antisistema escoitarán de súpeto como soa o timbre da súa porta e ante eles aparece o Presidente.

Se as enquisas non vaticinan o futuro que desexas, non desistas. Mirando polo cristal adecuado e coa habilidade e a axuda precisa, aínda podes construír unha versión dos feitos a medida. Quen saberá despois cal é a orixinal?

A compañía galega Teatro do Morcego preséntanos a obra recentemente estreada dun xoven autor galego que xa ten varios premios Max e María Casares. Rostros ben coñecidos na escena galega, -entre os que está un dos Xograres de Outono do FIOT, Celso Parada-, daránlle vida a esta comedia electoral.

Intérpretes: Celso Parada, Merce Castro, César Goldi, Iolanda Muíños e Federico Pérez

Iluminación: David Deive

Escenografía e vestuario: Carlos Alonso

Música: Anxo Graña

Autor: Xosé L. Prieto


Dirección: Xosé L. Prieto

”

*O resultado das
eleccións?: ao final
desta comedia
electoral de
manipulación
política*

“

TEATRO DO MORCEGO



FEDERICO
PÉREZ

MERCE
CASTRO

CELSO
PARADA

CÉSAR
GOLDI

IOLANDA
MUÍÑOS



TEATRO DO MORCEGO

DIRIGIDO POR JOSÉ PRIETO

CONCELLO DE NARÓN



ESTREA
ABSOLUTA

Producciones Meridional (Madrid)

LOS ESCLAVOS DE MIS ESCLAVOS

ENTRADA: 10 € / DURACIÓN: 1 H 20 MIN

Intérpretes: Elvira Cuadrupani, Inés Sánchez, Fran Cantos e Álvaro Lavín
Vestuario: Marina Seresesky
Espazo escénico: Meridional Producciones
Espazo sonoro: Alberto Granados
 Escenografía: Esther García e Itziar Sagasti
Iluminación: Luis Perdiguero
Coreografía: Elena Lombao
 Autor e dirección técnica: Julio Salviatierra
Dirección: Álvaro Lavín

26 **D**ous homes e unha muller secuestrados nunha cova, nas montañas de Afganistán, xunto coa muller en burka que lles leva a comida. Catro vítimas da situación xeopolítica e do seu propio desexo de acción. Como sobreviven?

Unha obra intensa que, partindo do pequeno microcosmos dun secuestro, fala do macrocosmos humano e xeopolítico no que estamos inmersos, e na que Meridional mestura o serio co humor e co poético e busca a complicitade co público.

O FIOT acolle a estrea absoluta desta compañía madrileña coa que mantén unha longa relación, xa que estivo en diversas ocasións no Outono de Teatro, -gañando o Premio do Público en 2003 con *Miguel Hernández*- e que agora se renova ampliando a súa

vertente teatral coa cinematográfica, polo que adoptan o nome de Producciones Meridional.

”

Como superar a inactividade, o encerro, a falla de información, as diferenzas políticas e persoais pechados nunha situación límite?

“



30 ven

21.00 h

ESTREA
EN GALICIA

Gabriel Chamé
(Argentina)

OTHELO

ENTRADA: 7 € / DURACIÓN: 1 H 40 MIN

Desde Arxentina, chega esta orixinal versión do texto universal de Shakespeare, reinterpretado por catro actores especialistas en clown e teatro físico que dan vida a todos os personaxes do drama sobre celos, amor, lealdade, violencia, cobiza, e vinganza... pero no que o tráxico se converte en cómico.

O director e clown de importante traxectoria Gabriel Chamé, combina o texto co xogo corporal e coa gravación cinematográfica, revelándonos os enganos e medos das personaxes e converténdonos nos seus cómplices.

Unha función tola na que non deixaremos de rirnos do drama máis auténtico que existe: a estupidez humana.



”

Sempre Shakespeare. O cómico é tráxico e tan tráxico que é cómico, ou o que se é capaz de facer por odio e celos.

Gabriel Chamé

“

Intérpretes: Matías Bassi, Julieta Carrera, Hernán Franco e Martín López Carzolio

Vestuario: Gisela Marchetti

Deseño de iluminación e escenografía: Jorge Pastorino

Deseño son: Sebastián Furman

Autor: William Shakespeare

Dirección e adaptación: Gabriel Chame

31 sáb

21.00 h

Ron Lalá e Galo Film
(Madrid)

OJOS DE AGUA

ENTRADA: 15 € / DURACIÓN: 1 H 20 MIN

A *Celestina* revive na pel de Charo López. Creada a partir de diversos fragmentos da obra de Fernando de Rojas, *Ojos de agua* reescribe o pasado e o futuro do mito e os grandes temas da obra orixinal que enlazan directamente co noso tempo, explorando unha personaxe tan fascinante como contradictoria, que nos confesará os seus segredos máis profundos.

Un monólogo desde o poético e a emoción, con música e humor, sobre o tempo gozado e perdido, o sexo como pracer e arma, a beleza como regalo e condena, a alegría de vivir a pesar de todo e a liberdade gañada a pulso. Lágrimas de risa e emoción nos "ollos de auga" dunha brillante actriz símbolo de toda unha época.



A través da dramaturxia de Álvaro Tato e do seu director, Yayo Cáceres, a compañía Ron Lalá imprímelle a esta personaxe universal o selo que os converteu nun dos referentes da escena nacional e tamén nos gañadores do Premio do Público do FIOT 2013.

”

*Así amé y así viví
entre la fusta y la fiesta,
así redoblé mi apuesta
y cuanto gané perdí*


“

Intérpretes: Charo López e Fran García
Música: Antonio Trapote
Vestuario: Tatiana de Sarabia
Escenografía: Carolina González
Diseño de iluminación: Miguel Ángel Camacho
Composición musical: Yayo Cáceres
Letras: Fernando de Rojas, Yayo Cáceres e Álvaro Tato
Dramaturxia: Álvaro Tato
Dirección: Yayo Cáceres

otni

VI CICLO OTNI

(OBJECTO TEATRAL NON IDENTIFICADO)



A sexta edición deste ciclo no que agrupamos a oferta do FIOT menos convencional, presentada desde novos códigos e linguaxes e desde a dramaturxia máis contemporánea, propón catro obras con referentes creativos, técnicos e estéticos moi dispares que nos ofrecen unha perspectiva ampla das tendencias escénicas máis actuais.

Partindo de procesos de creación colectiva, o teatro-danza, a performance, o cinema ao vivo, as novas dramaturxias ou o microteatro percorren o OTNI, diluíndo os límites entre a ficción e a realidade, rompendo coa idea de personaxe, interpellando ao espectador, buscando a conexión emocional e a súa/nosa complicidade e convidándonos a reconstruír a obra.

O ciclo OTNI, presenta a primeira obra dunha nova compañía galega e tres estreos en Galicia de compañías de

”

O teatro-danza, a performance, o cinema ao vivo, as novas dramaturxias ou o microteatro percorren o OTNI, diluíndo os límites entre a ficción e a realidade

“

Canarias, País Vasco e Cataluña, pretendendo facerse un pequeno oco na limitada programación de artes escénicas non convencionais que se pode ver en Galicia, cunha referencia que goza xa de estabilidade.

12 lun

21.00 h

ESTREA
EN GALICIA

**Paula Quintana
(Canarias)**

LATENTE

ENTRADA: 3 € / DURACIÓN: 1 H

Na vida levántaste, fas o que tes que facer e déitaste, acumulas éxitos e fracasos pero debaixo de todo isto, todos estamos buscando algo que está na alma de cada un e que queremos coñecer. Esta historia de soños anhela achegar o ser humano ao ser humano.

A historia ocorre en medio de nós. Teatro, danza contemporánea, flamenco, reflexión e humor son os elementos que fusiona a intérprete canaria, acadando un orixinal e máxico universo artístico, que está sendo recompensado nos escenarios nacionais e internacionais.



”

Yo no quiero ser astronauta

Yo no quiero ser astronauta

Yo no quiero ser astronauta

“

Autor música e espazo sonoro: Juan Antonio Simarro

Textos: Carlos Pedrós

Dirección, coreografía e intérprete: Paula Quintana

17 sáb

12.30 h / 13.00 h / 19.00 h
19.30 h / 20.00 h / 20.30h

Acceso gratuito para abonados previa reserva de invitación ata o 10 de outubro

ESTREA
EN GALICIA

Pez Limbo (País Vasco)

MAMÁ GALLINA

ENTRADA: 1 € / DURACIÓN: 15 MIN

Unha historia curta sobre un embarazo longo. Unha nai novata, que saíu de contas en pleno mundial do 82, acode a unha revisión rutinaria.

Isto non é un conto, é unha conta moi longa, unha desas cousas que se deixan para outro momento, unha colección de calendarios, unha cadea de momentos inoportunos, unha biografía a punto de ecllosionar. Branco por fóra, amarelo por dentro, que é?... Mamá Gallina.

Grandes doses de humor en pequeno formato, pensado para espazos alternativos, que achega feitos insólitos a espazos cotiáns provocando situacións inverosímiles é o que nos promete Pez Limbo. Entre a comedia e o drama social.

Humor a lategazos.



”

-Doutor: Cando saíu de contas?

-Embarazada: No mundial

-Doutor: Pero se iso foi hai case catro anos.

-Embarazada: No, cando o mundial, mundial, o de aquí, o de Naranjito

”

Intérprete: Begoña Martín Treviño e Eduardo Hernando (embrión invitado: Raúl Camino)

Vestuario: La funambulista

Deseño gráfico: Makondo

Autor: Creación colectiva

Dirección: Raúl Camino

25 dom

21.00 h

ESTREA
EN GALICIA

Atresbandes (Cataluña)

LOCUS AMOENUS

ENTRADA: 3 € / DURACIÓN: 1 H

Tres personaxes van nun tren que vai descarrilar en menos dunha hora. Todos morrerán. Sabémolo desde o principio. O final sempre é trágico. E, en moitas ocasións, inesperado. Remata e punto.

Durante este estado de tránsito suceden unha serie de conversacións e desexos, de intentos de entender e facerse entender e está presente a busca do *Locus Amoenus*, ese lugar idílico, de confort, que na actualidade é sinónimo de pracer, xuventude eterna e vacacións da realidade.

Este é un traballo de creación colectiva, representado desde a naturalidade, e inspirado no relato *El Tunel*, de F. Dürrenmatt.

Atresbandes é unha compañía catalá que a pesar da súa xuventude ten xa unha relevante proxección internacional.



”

E durante a espera unha sucesión de paisaxes que soñamos transformar en paraísos.

”

Autores e intérpretes: Mónica Almirall, Miquel Segovia e Albert Pérez Hidalgo

Deseño iluminación: Alberto Rodríguez

Deseño de son: Joan Solé
Unha coproducción co Festival TNT – CAET

29 NOV

21.00 h

Cinema Sticado (Galicia)

STRPTS//EPISODIO 1: MIRLO&RULA

ENTRADA: 3 € / DURACIÓN: 1 H

Un home sixiloso e unha muller soñadora cruzarán os seus destinos nunha fuxida inesperada por culpa dun segredo a voces. Intriga e sangue nun mundo en desequilibrio coa natureza, sen dereitos sociais e ateigado de corrupción política.

En vivo e en directo, esta obra multidisciplinar con cinema, performance, teatro de obxectos, poesía visual... hipnotiza o espectador cun mundo en miniatura e unha experiencia asombrosa.

Cinema Sticado é unha nova compañía galega que combina artes visuais, teatrais e performativas coa creación de audio e vídeo en tempo real. Chega ao ciclo OTNI para presentar o primeiro espectáculo da triloxía *Strpts*.

Xoves 29 / 19.00h: Café con... e PRESENTACIÓN DO CÓMIC STRPTS// EPISODIO 1: MIRLO & RULA



”

Prepárate para entrar nun mundo que nunca antes viras

“

Performers en directo: Xosel Díez e Helena Varela
Iluminación: Man Núñez
Decorados: Nola Rivera
Debuxos: Xabi Varela
Creación: Xosel Díez e Helena Varela



**RÚA DOS
CONTOS**

XVII
EDICIÓN

TEATRO, MONÓLOGOS, MÚSICA, CABARÉ...

Dezaoito espectáculos para dúas fins de semana. Coa complicidade dos locais de hostalaría carballeses, esta é a proposta teatral que facemos para as primeiras noites de outubro, e suxerímosvos que a acompañedes dunha tapíña, un café, unha caña ou unha auga. Os lugares préstanse para aderezar ao noso gusto contos, monólogos, música, maxia, improvisación, clown ou variedades.

Iremos ao encontro dos espectadores en tascas, bares, cafeterías, pubs,... e mesmo no Mercado Municipal. Volemós utilizar

este espazo para reconvertelo tamén en sala de teatro que lle dea acubillo a unha nova proposta da Rúa dos Contos, as Sesións Dobres RC, un paquete escénico especial en dous tempos que agrupa dous espectáculos de gran nivel.


Seis das obras serán estreas, tres delas en Galicia e outras 3 absolutas, e xunto ás novidades figuran tamén os grandes referentes que, despois dunha programación estable de dezasete anos, fan da RC un emblema da narración oral en Galicia.

Vémonos de novo nos bares.

13.00 h: Rúa Coruña

(en caso de choiva no Bar A Barra)

SESIÓN VERMÚ CON LUÍS RIVERA E CHICHARRÓN: HOMENAXE A ALBERTO GENDE



Concerto en homenaxe a Alberto Gende, deseñador gráfico e Xograr de Outono 2012, a cargo dos seus amigos do mundo da música Luis Rivera e membros da primeira formación de Chicharrón (Alberto, Diego e Rubén) que presentarán os seus respectivos discos dedicados a este artista carballés. O FIOT e o festival de música Sereas e Piratas, que este ano celebrou a súa décima edición, únense para lembrar ao creador da imaxe de ambos eventos durante anos.

Entrada libre

Colabora: A. C. Rebeldía

19.00 h:

Xardín Municipal OS QUINQUILLÁNS

Conto do sal

(+ info na páxina 43 deste programa)

21.00 h: Mesón A Cabaña ANTÓN COUCHEIRO

Múltiple



Somos só unha persoa, ou a nosa personalidade está habitada por múltiples personaxes? Con música en directo, e a través dunha “terapia” de soños, e das propostas do público, iranse esfiando historias improvisadas onde os espectadores descubrirán que nun só corpo caben millóns de universos.

Antón Coucheiro estrea en Carballo *Múltiple*, un espectáculo cómico, participativo, improvisado, acompañado pola música

en directo de Túlío Rosendo e onde o protagonista se desdobra e dialoga cos seus alter egos. Está dirixido polo colombiano Beto Urrea.

Entrada libre

22.30 h: Cafetería Colón PAULA CARBALLEIRA

Os contos que non me contaron



Regreso da “Xograpesa de Outono 2010” á RC. A actriz, dramaturga, directora e tamén narradora tráenos novas historias. Búscas nas persoas que coñece e nas que non coñece, nas paisaxes que ve e nas que imaxina.

De pequena a súa familia xa non lembraba as noites de inverno sen luz eléctrica nin aprender a camiñar co que che contaban. Ata que, non hai moito, a súa nai a escoitou e díxolle:

“esa historia que contaches, contouma a min túa avoa”. Daquela soubo cal era o seu papel, o da memoria.

Entrada libre

00.00 h: Cervexaría A Boa Estrela PEPO SUEVOS

Humor Salvaxe



As palabras claras e a fala sen rodeos caracterizan a este contador ferrolán, que é todo enerxía enriba do escenario. Avalado por mais de mil actuacións, é coñecido tamén polos seus traballos como actor en televisión e cine.

Din que o falar non ten cancelas, e no caso de Pepe faise realidade, fala de todo e non deixa indiferente a ninguén, e o mellor para comprobalo é non perderse a súa actuación.

Entrada 3 €

21.00 h: Bodegón

O Pescador DABOAPIPA

Historias de vida, amor, guerra e case morte



Historias de amor, emigración e guerra narradas dende a tenrura e a emoción nun espectáculo que arrancará bágoas, lembranzas e sorrisos. Con música ao vivo e unha narración oral especial, a compañía Daboapipa (Santi Prieto e Vero Rilo) achegaranos aos contos dos nosos maiores e á realidade na que vivían dun xeito cálido e divertido.

Entrada libre

22.30 h:


Cervexaría Ágora MANUEL DE EVA

Vip, vas indo pureta



O cantante dos Revenidos, Manuel de Eva, presenta un espectáculo divertido e moi sorprendente, grazas ao gran talento para o humor deste cantante e showman arteixán froito dos máis de 10 anos facendo monólogos nos circuitos afeccionados.

Entrada libre



SÁB 3

00.00 h:
A Barra Bar
CHANSON
MOR MÓN (Madrid)
El fin del mundo está cerca



ESTREÁ
EN
GALICIA

Tres almas perdidas, tres pobres peregrinos volven a casa. E deciden oficiar unha cerimonia para exorcizar os hits de chiringuito e salvar ao pobo de si mesmo.

Coa música de Chanson Mor'mon proponse desenterrar e reivindicar algunhas das máis terribles cancións da música dos nosos tempos para reestructuralas, reversionalas e poder rirse do peso que teñen na memoria popular. Concerto teatralizado a cargo de Federico Bonacorso, Natxo Laborda e Mario Rebollo. Non todo o que brilla é ouro, nin todo o que é ouro brilla!
Entrada 3 €

DOM 4



MERCADO MUNICIPAL
 (andar 2º)

20.00 h:
FÉLIX ALBO
El pueblo de los mellados



21.30 h:
MOFA E BEFA
A galiña



(+ info na páxina 8 deste programa)

VEN 9

23.00 h: Cervexaría
A Bombonera
FEDERICO PÉREZ
Federico Pérez está no mundo porque ten que haber de todo




O actor Federico Pérez é coñecido pola súa traxectoria en televisión por personaxes como Moncho, o de Era Vistol ou por Josito, o de Padre Casares, e presentará o seu monólogo *Federico Pérez está no mundo porque ten que haber de todo*.

O público poderá gozar dun xeito especial de contar as cousas, con moita tranquilidade, coma quen fala cos amigos tomando un viño na taberna.

Entrada 4 €

00.30 h: Cafetería
Valle Inclán
AVELINO
GONZÁLEZ
Encomendados a San Záfate



Vimos a este mundo para zafarnos, pasamos a vida zafando. Van ser historias de xente que, mal ou ben, foi zafando. E sorte que tiveron!

Actor de teatro e ben coñecido polos seus traballos nas series de televisión, Avelino é un dos mestres dos contadores de contos galegos, un asiduo ao festival que nunca defrauda.
Entrada 3 €

SÁB 10




MERCADO MUNICIPAL
 (andar 2º)

21.00 h:
JUANCÁLLA-
TE de PEZ EN
RAYA
Mr. Kebab



22.15 h:
BONECA
LARETA
Filosolfando



(+ info na páxina 10 deste programa)

SÁB 10

00.30 h:
Cervexaría Dublín
OS REVENIDOS
Concerto



Grupo de Arteixo composto por 6 músicos cun estilo musical difícil de etiquetar. Versións de cancións dispaes con adaptacións moi persoais.

Con gran doses de humor poderemos bailar e cantar con versións de Enrique Iglesias, Antonio Orozco, ata AC/DC ou Michael Jackson, ... Un verdadeiro espectáculo no que o sorriso esta garantido.
Entrada 3 €



DEZAITO ESPECTÁCULOS PARA DÚAS FINES DE SEMANA!!



DOM 11

22.30 h:
Bulevar Musicafé
OS SETE
MAGNÍFICOS
MÁIS UN: FRAN
REI, PEDRO
BRANDARIZ E
ISABEL RISCO




Falar sen cancelas

Hai xente que fala por falar. Outros falan polos cóbados. E algúns falan os sete falares. Coa certeza de que vivimos nun país de historias e co espírito da retranca tatuado na pel.

A compañía Os Sete Magníficos Máis Un realizarán unha estrea de falares que non teñen cancelas. Humor, xiros da lingua e dobres sentidos a cargo dos monologuistas, Isa Risco e Pedro Brandariz, e do clown, Fran Rei. Unha auténtica gala do humor.

Entrada libre

00.00 h:
Pub O' Patacón
OSWALDO
DIGÓN
Historias do
límbico



Oswaldo Digón chega a Carballo con contos nos que fala das emocións. Algúns recompilados, outros inventados e outros son vividos.

"O mundo está cheo de historias, é o que vexo cando abro os ollos", dicía Neil Gaiman, e Oswaldo transmíteos con humor que é a emoción que mellor comunica e porque non sabe rezar doutra maneira.

Entrada libre

LUN 12

22.30 h: A Barra bar
QUICO
CADAVAL
Almiñas



Quico Cadaval, todo un mestre da narración, e tamén dramaturgo e director teatral – ademais de Xograr de Outono-pechará a XVII edición da Rúa dos Contos coa estrea da súa última creación, Almiñas. Tres vellas historias de inocentes contadas dunha maneira totalmente nova.

A inocencia é unha das 5 maneiras de "non saber". Na fala popular aparece a palabra inocente como

piadoso eufemismo para non dicir parvo.

Tamén se lle chaman "palmiñas", "almas cándidas" ou "Á boa fe". Persoas que viven segundo ás regras do paraíso neste inferno que nos tocou habitar.

A inocencia é unha das cinco maneiras de saber a verdadeira.

Entrada 4 €



SESIÓNS
DOBRES RC:
NOVA
PROPOSTA DA
RÚA DOS
CONTOS, UN
PAQUETE
ESCÉNICO EN
DOUS TEMPOS
(Páxinas 8 a 11)

ap

ACTIVIDADES PARALELAS

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DO FIOT 2015 coa participación da Aula de Teatro Municipal do Concello de Carballo



A Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, organizadores do FIOT 2015, realizarán a presentación oficial do programa da edición 2015, xunto coas entidades patrocinadoras, voluntarios, socios de Telón e Aparte e espectadores.

No transcurso deste acto a Aula de Teatro Municipal de Carballo, dirixida por Artur Trillo, realizará unha intervención teatral.

Data: mércores 16 de setembro
Horario: 20.00h
Lugar: Pazo da Cultura
Asistencia libre



TALLER DE HUMOR PARA TORPES



Atopar o pracer na propia estupidez, gozar do fracaso e potenciar as cualidades cómicas de cada un, sen medo ao ridículo, son os obxectivos deste taller.

Neste labor, e empregando o xogo, a improvisación e a complicidade co compañeiro, axudaranos un mestre do humor absurdo, Joan Estrader, creador xunto a Cristina Medina da Compañía Pez en Raya.


Para alumnos con ou sen experiencia escénica.

Data: 10 de outubro
Horario: de 10.30 h a 13.30 h
Inscripción: No Pazo da Cultura, ata o 9 de outubro
Prezo: 20 €
Prazas: 15
Organiza: A.C. Telón e Aparte

teatro de rúa

Tamén as rúas e prazas de Carballo se converten en escenarios e acollen espectáculos de teatro de rúa e de animación teatral que divertiran a todos os públicos.

Vaivén Circo y Danza (Andalucía) DESHÁBITAT



Data: venres 25 de setembro
Horario: 21.00 h
Lugar: Praza do Concello
Asistencia libre
(ver páx. 6 deste programa)

Ibuprofeno teatro (Galicia) FITNESS



A pallasa Marián Bañobre percorrerá en bicicleta os espazos públicos e os locais de hostalaría participantes na Rúa dos Contos facendo deporte en todas as súas variedades, interaccionando e sorprendendo os

transeúntes, que se verán trasladados a situacións fóra da dinámica cotiá. Humor e crítica á obsesión polo aspecto físico e o coidado do corpo.

Data: venres 25 de setembro
Horario: 20.00 h e 22.30 h
Lugar: Locais de hostalaría participantes na Rúa dos Contos
Asistencia libre

Os Quinquillás (Galicia) CONTO DO SAL



Logo dun pasarrúas no que se realizará unha expedición aos fondos mariños para descubrir como viven os peixes de cores, os cabaliños de mar ou a manta-raia, os investigadores mariños e tripulantes Rías e Norai contarannos cal é a orixe do sal na auga do mar. Divertido espectáculo para nenos e maiores

Data: venres 2 de outubro
Horario: 19.00 h
Lugar: Xardín Municipal
Organiza: Concello de Carballo
Colabora: Deputación Provincial da Coruña
Asistencia libre

o fiotiño

NOITE BRANCA NO TEATRO



Por terceiro ano consecutivo, volve unha das actividades máis exitosas entre os rapaces/as amantes do teatro, unha nova edición dun campamento de farándula no Pazo da Cultura, que lles ofrece a oportunidade de coñecer os secretos do teatro *in situ* e nun horario moi especial: durante a noite. Os nenos e nenas serán os protagonistas de divertidos obradoiros que os achegarán emocionalmente ao teatro, conectaraos co mundo do FIOT e converteraos en protagonistas do “momento de contar un conto”. A cea, a noite nos sacos de durmir no teatro e o almorzo da mañá seguinte, formarán parte desta aventura chea de xogos, sorpresas e moito teatro.

Datas: do venres 2 ao sábado 3 de outubro
Horario: de 19.00 h do venres ás 11.00 h do sábado

Lugar: Pazo da Cultura
Prezo: 20 € (terán preferencia os socios da A. C. Telón e Aparte)
Inscripción: Pazo da Cultura, ata o 29 de setembro
Prazas: 25 nenos/as
Idades: de 6 a 12 anos
Organiza: A.C. Telón e Aparte

LOCUTORES/AS DE RADIO



Para completar as actividades dedicadas ao público infantil do FIOT, este ano ofertamos un segundo e novo obradoiro, *Locutores de radio*, no que os asistentes aprenderán a escribir un guión para a radio vinculado ao mundo do teatro. Unha experiencia única para fomentar a creatividade, a expresividade e o traballo en equipo. Un divertido xogo de radio para dramatizar e crear historias.

Datas: 17, 24 e 31 de outubro
Horario: de 11.00 h a 13.00 h.
Lugar de realización: Biblioteca Rego da Balsa
Prazas: 15 rapaces/as
Idades: A partir de 10 anos
Inscripción: Pazo da Cultura, ata o 29 de setembro
Organiza: A.C. Telón e Aparte

COMO FACER UN CONTO?




A terceira novidade desta edición do festival dirixida aos fioteiros máis cativos é un obradoiro para facer e contar contos. Unha experiencia para estimular a linguaxe oral, a imaxinación e a creatividade, ademais de xogar coas emocións dun mesmo e dos compañeiros/as, mellorando deste xeito a empatía e a autoestima. Unha divertida e interesante proposta para completar esta serie de actividades que este ano nos trae o grande FIOTIÑO.

Datas: 10 de outubro
Horario: de 11.00 h a 13.00 h.
Lugar de realización: Pazo da Cultura
Prazas: 15 rapaces/as
Idades: A partir de 9 anos
Inscripción: Pazo da Cultura, ata o 29 de setembro
Organiza: A.C. Telón e Aparte



FIOTIÑO
Carballo

XV CONCURSO ESCOLAR DE TEATRO LIDO “XOSÉ MANUEL EIRÍS”



Este concurso, que xa cumpre 15 anos, creouse para promover a interpretación oral entre os máis pequenos e recuperar a potencialidade dramática da radio. En colaboración coa emisora Radio Voz Bergantiños, pequenos grupos de escolares e de asociacións de Bergantiños (entre 2 e 8 rapaces) enchen as ondas con teatro realizando unha interpretación lida dun fragmento dun texto teatral. Entre os gañadores repartiranse premios por un importe de 850 €. Esta actividade conta co apoio de Radio Voz Bergantiños e da Librería Brañas

Prazo de inscrición: ata o 2 de outubro
FINAL E ENTREGA DE PREMIOS: Pazo da Cultura, domingo 8 de novembro. Participarán os finalistas do concurso. Mestre de cerimonia: **Compañía Circo Chosco.**

ESCOLA DO ESPECTADOR



Continuamos cun proxecto iniciado na pasada edición, a Escola do Espectador, coa que se pretende facilitar o achegamento do feito teatral aos espectadores e formalos naqueles aspectos artísticos e técnicos que permitan a comprensión, amplíen a súa lectura e formen unha opinión fundamentada sobre eles, como un instrumento de aprendizaxe e disfrute cultural.

Volvemos a contar cun dos críticos teatrais máis relevantes de Galicia, Camilo Franco, para dirixir as cinco sesións previstas (de periodicidade semanal) que tomarán como punto de partida as obras programadas no FIOT

Lugar: Pazo da Cultura

Datas de celebración: faranse públicas a través da páxina web do festival.

Organiza: A.C. Telón e Aparte

CAFÉ CON...



Encontros entre espectadores/as e grupos teatrais para aproximarnos ao proceso creativo, á linguaxe e aos códigos de interpretación dun espectáculo, amosando de primeira man o proxecto artístico da compañía e da obra, resolvendo dúbidas e curiosidades ou intercambiando opinións. Un agradable espazo de comunicación tomando un café.

Sempre que as circunstancias das compañías e da montaxe dos espectáculos o permitan, celebrárase todos os días de función.

Aberto a todos os espectadores.

Datas: os días das representacións

Lugar: Pazo da Cultura

Horario: 19.00 h, habitualmente, aínda que se concretará durante o festival en función das condicións da montaxe de cada espectáculo.

PREMIO DO PÚBLICO “OUTONO DE TEATRO 2015”



Trátase dunha das iniciativas máis antigas do FIOT coa que se pretende implicar aos espectadores a colaborar coa programación puntuando cada espectáculo. O premio concédese á compañía que recibe a mellor puntuación dos espectadores. A elixida será invitada a participar na edición do próximo ano cun novo espectáculo.

Na pasada edición o gañador foi o espectáculo *Otelo*, da compañía El Viajeinmóvil, cunha puntuación de 4,33 puntos (sobre 5).

PRESENTACIÓN DO LIBRO BD STRPTS// EPISODIO 1: MIRLO & RULA

Como unha expansión do proxecto escénico do mesmo nome que presentan no FIOT, Cinema Sticado editou o álbum de banda deseñada. *STRPTS// episodio 1: Mirlo & Rula*, un volume de 128 páxinas do que son responsables o autor dos debuxos das

personaxes da obra, o pintor Xabier Varela e un dos autores do espectáculo, o creador audiovisual Xosel Díaz.

Data: Xoves 29 | Hora: 19.00h

Lugar: Pazo da Cultura

EXPOSICIÓN: *VERSIÓN ORIXINAL*

Tres artistas carballeses, Eva Facal, Mon Lendoiro e Laura Tova interpretan a través das súas obras pictóricas o fío condutor desta edición do festival. Tres “versións orixinais” sobre o valor da propia mirada sobre un mesmo.

Duración: do 8/10/15 ao 01/11/15

Lugar: Sala de exposicións do Auditorio do Pazo da Cultura

Organiza: A.C. Telón e Aparte

ZOOM FIOT

Seguimento fotográfico do FIOT 2015 realizado por varios fotógrafos convidados que achegarán o obxectivo fotográfico ao Festival tratando de captar a diversidade de actividades que teñen lugar durante o mesmo, recollendo diversas caras, tamén aquelas ás que habitualmente non temos acceso.

Poderemos ver os traballos nunha exposición da próxima edición.

DÁLLE UN BOCADO AO FIOT



50 Durante o mes de outubro, o FIOT chega tamén a un grupo de establecementos de hostalaría de Carballo (restaurantes, cervexarías, viñotecas ou cafetarías) que preparan os seus “bocados” especiais inspirados no Outono de Teatro. Todos os que proben unha destas tapas, pinchos ou almozos participan nun sorteo de entradas para o FIOT, ademais dunha cea e aloxamento de balde nun establecemento de Carballo.

Os clientes dos locais participantes sorprenderanse con pequenas intervencións teatrais relacionadas coa temática do FIOT de novos

actores e actrices carballeses, dirixidos pola actriz Alba Bermúdez.

Lugar: Establecementos de hostalaría de Carballo

Data: mes de outubro

Organiza: Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO



O FIOT conta desde hai sei anos cun programa de voluntarios para colaborar no seu desenvolvemento e, na actualidade, existe un fantástico equipo de vinte persoas que, desinteresadamente, contribúe co seu tempo a que o FIOT sexa mellor. Moitas grazas a todos pola vosa imprescindible implicación.

xograr de outono 2015

SUSANA DANS

Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro co que se quere recoñecer a unha persoa ou entidade que destaque pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia será outorgado a Susana Dans, unha actriz galega de magnífica traxectoria profesional, que destaca polas súas grandes interpretacións nas máis importantes compañías galegas, e por ter un dos currículos artísticos máis completos das actrices en Galicia. Susana Dans é ben coñecida do público carballés por ter participado en moitos espectáculos, tanto do FIOT como doutros programas culturais, ademais da polos seus traballos en televisión e cine.



En anteriores edicións, foron xa merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago “Kukas”, Alberto Gende, Xosé Manuel Olveira “Pico” e Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán”.

O acto de entrega do galardón desta edición está previsto para o venres 23 de outubro, ás 21.00h, previo ao inicio da función.



MÁIS INFORMACIÓN

-  www.facebook.com/festivalinternacionaloutonodeteatro
-  www.facebook.com/fiot.carballo
-  twitter.com/FiotCarballo
-  www.pinterest.com/fiotcarballo/
-  www.youtube.com/user/FIOTCarballo
-  vimeo.com/fiot
-  fiot.carballo@gmail.com
-  www.fiot.org



VENDA DE ENTRADAS

PREZOS ESPECTÁCULOS AUDITORIO

PREZO DA ENTRADA

7 €: *Juanita Calamidad* (día 9), *Édipo* (día 11), *Los nadadores nocturnos* (día 16), *Constelaciones* (día 18), *Presidente* (día 23) e *Otelo* (día 30)
10 €: *Los esclavos de mis esclavos* (día 24)
15 €: *El testamento de María* (día 17) e *Ojos de agua* (día 31)

PREZO DO BONO

70 €: para asistir a todas as representacións do auditorio
65 €: Prezo reducido do bono para estudantes con carné de estudantes, maiores de 65 anos e parados (presentando documentos que acrediten a súa condición)

Resérvase unha zona determinada para os bonos. Poñerase á venda un total de 210 bonos.

PREZOS CICLO OTNI

PREZO DA ENTRADA

3 €: *Latente* (día 12), *Locus Amoenus* (día 25) e *Strpts // Episodio 1: Mirlo & Rula* (día 29)
1 €: *Mamá gallina* (día 17). Acceso gratuito para abonados previa reserva de invitación ata o 10 de outubro.

PUNTOS E DATAS DE VENDA

BONOS

>SOCIOS ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE:
 no teléfono **902 504 500**
 Do sábado 19 ao mércores 23 de setembro
 >PÚBLICO EN XERAL:
www.ataquilla.com ou no teléfono **902 504 500**
 A partir do 25 de setembro

ENTRADAS SOLTAS

(Programa de sala e Ciclo Otni)
 >Desde o día 25 de setembro ata o día antes de cada función en **www.ataquilla.com** ou no teléfono **902 504 500**
 >Día da función de 19.30h a 21.00h na **billeteira** do Pazo da Cultura

RÚA DOS GONTOS

SESIÓNS DOBRES RC

5 €: DÍA 4: *El pueblo de los mellados*, de Félix Albo e *A galiña*, de Mofa e Befá.
5 €: DÍA 10: *Mr. Kebab*, de Pez en Raya e *Filosofando*, de Boneca Lareta.

Venda de entradas en **www.ataquilla.com** ou no teléfono **902 504 500**, e os días de representación na billeteira do Mercado Municipal a partir das 19.30 h.

FUNCIÓNS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA

A partir do 25 de setembro nos propios locais.
 Os/as socios/as da A. C. Telón e Aparte terán o 50% de desconto para as Sesións Dobres RC presentando o carné de socio/a.



Sede do
Festival

Rúa do Pan s/n
15100 – Carballo
Tfn.: 981 704 300

Agradecementos:
Centro Comercial Bergantiños GADIS



CALENDARIO

25
VEN

ACTIVIDADES
PARALELAS
**TEATRO DE RÚA
VAIVÉN CIRCO**
Praza do Concello
21.00 h. Entrada libre

**PERCORRIDO
POLOS LOCAIS DA
RÚA DOS CONTOS
IBUPROFENO
TEATRO**
Locais de hostalería
20.00 h. / 22.30 h.
Entrada libre

26
SAB

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
SESIÓN VERMÚ CON
LUÍS RIVERA E
CHICHARRÓN.
HOMENAXE A
ALBERTO GENDE**
Rúa Coruña
13.00 h. Entrada libre

2
VEN

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
OS QUINQUILLÁNS**
Xardín Municipal
19.00 h. Entrada libre

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
ANTÓN COUCHEIRO**
Mesón A Cabaña
21.00 h. Entrada libre
ACTIVIDADES
PARALELAS

3
SAB

**XVII RÚA DOS CONTOS
PAULA CARBALLEIRA**
Cafetería Colón
22.30 h. Entrada libre
ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
PEPO SUEVOS**
Cervexaría A Boa
Estrela
00.00 h. Entrada: 3€

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
DABOAPIPA**
Bodegón O Pescador
21.00 h. Entrada libre

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
MANOLO D' EVA**
Cervexaría Ágora
22.30 h. Entrada libre

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
CHANSON MOR'MON**
Pub A Reserva
00.00 h. Entrada: 3€

4
DOM

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
SESIÓNS DOBRES RC
FÉLIX ALBO
MOFA E BEFA**
Mercado Municipal
20.00 h. / 21.30 h.
Entrada: 5€

9
VEN

**PROGRAMACIÓN
DE SALA
CHIRIGÓTICAS
JUANITA CALAMIDAD**
Pazo Da Cultura
21.00 h. Entrada: 7€

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
FEDERICO PÉREZ**
Cervexaría A
Bombonera
23.00 h. Entrada: 4€

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
AVELINO GONZÁLEZ**
Cafetería Valle Inclán
00.30 h. Entrada: 3€

10
SAB

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
SESIÓNS DOBRES RC
PEZ EN RAYA
BONECA LARETA**
Mercado Municipal
21.00 h. / 22.30 h
Entrada: 5€

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
OS REVENIDOS**
Cervexaría Dublín
00.30 h. Entrada: 3€

11
DOM

**PROGRAMACIÓN
DE SALA
COMPANHIA DO
CHAPITÓ
ÉDIPO**

12
LUNS

Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 7€
ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
OS SETE MAGNÍFICOS
MÁIS UN**
Pub Suite Bule
22.30 h. Entrada libre
ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
OSWALDO DIGÓN**
Pub O Patacón
00.00 h. Entrada libre

**OTNI
PAULA QUINTANA
LATENTE**
Pazo da Cultura/ Salón
de Actos
21.00 h. Entrada: 3€

ACTIVIDADES
PARALELAS
**XVII RÚA DOS CONTOS
QUICO CADAVAL**
Bar A Barra
22.30 h. Entrada: 4€

16
VEN

**PROGRAMACIÓN
SALA
DRAFT.INN
LOS NADADORES
NOCTURNOS**
Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 7€

17
SAB

**OTNI
PEZ LIMBO
MAMÁ GALLINA**
Pazo da Cultura

18
DOM

12.30 h. / 13.00 h
19.00 h. / 19.30 h
20.00 h. / 20.30 h
Entrada: 1€
**PROGRAMACIÓN
DE SALA
CDN. , FEST. GREC E
AVANCE P.T.
EL TESTAMENTO DE
MARÍA**
Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 15€

**PROGRAMACIÓN
DE SALA
KENDOSAN PRODUC.**
CONSTELACIONES
Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 7€

23
VEN

**PROGRAMACIÓN
DE SALA
TEATRO DO
MORCEGO
PRESIDENTE**
Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 7€

24
SAB

**PROGRAMACIÓN
DE SALA
TEATRO
MERIDIONAL
LOS ESCLAVOS DE MIS
ESCLAVOS**
Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 10€

25
DOM

**OTNI
ATRESBANDES
LOCUS AMOENUS**
Pazo da Cultura/ Salón
de actos

29
XOV

21.00 h. Entrada: 3€
**PRESENTACIÓN
LIBRO STRPTS...**
Pazo da Cultura
19.00 h
Entrada libre

**OTNI
CINEMA STICADO
STRPTS//EPISODIO 1:
MIRLO & RULA**
Pazo da Cultura/ Salón
de actos
21.00 h. Entrada: 3€

30
VEN

**PROGRAMACIÓN
DE SALA
GABRIEL CHAMÉ
OTELIO**
Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 7€

31
SAB

**PROGRAMACIÓN
DE SALA
RON LALÁ E GALO
FILMS
OJOS DE AGUA**
Pazo da Cultura
21.00 h. Entrada: 15€

ACTIVIDADES
PARALELAS
CAFÉ CON...
Os días das
representacións no
Pazo da Cultura
concretaranse os
horarios durante o
festival en función
dos condicións da
montaxe de cada
espectáculo.

I FIOT Carballo

Desenho: www.gendestudio.com



fiot.org

